

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2016.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **TRINA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asisten igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **PROXECTO: CAMPO DE FÚTBOL EN BANDEIRA.**
- 3º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 4º.- **DEVOLUCION DE AVAIS.**
- 5º.- **RECLAMACIÓN DO ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL, DON JOSÉ ANTONIO PRESAS FERREIRO.**
- 6º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**
- 7º.- **EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DAS OBRAS DE “REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DE SILLEDA” - CINCO ACTUACIÓNS”.**

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 29 de Setembro de 2016

- 2º.- **PROXECTO: CAMPO DE FÚTBOL EN BANDEIRA.**

Visto o proxecto básico de CAMPO DE FÚTBOL EN BANDEIRA, redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, de data 06 de abril de 2015, ascendendo o orzamento de execución por contrata a cantidade de 880.865,32 €

Vista a Memoria de Interese e Oportunidade do novo Campo de Fútbol de Bandeira, de data 31 de outubro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación o proxecto denominada “CAMPO DE FÚTBOL EN BANDEIRA, redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, en data 06 de abril de 2015.

2º.- Prestar aprobación á Memoria de Interese e Oportunidade, de data 31 de outubro de 2016.

3º.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a redacción e sinatura dun convenio para levar a cabo a actuación “CAMPO DE FÚTBOL EN BANDEIRA”.

3º.- SERVIZOS SOCIAIS.

3.1.- Expediente de solicitude de comunicación de baixa no SAF na modalidade de Libre Concorrenza, de -----

Dase conta da comunicación de Mª del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 31 de outubro de 2016, de baixa no SAF na modalidade de Libre Concorrenza de:

Nome a Apelido

Motivo da baixa

Pasamento

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** a aprobación desta baixa.

3.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrenza, de _____ --e _____

Dase conta do informe de Mª Celia González Peteiro, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 17 de outubro de 2016, de alta no SAF de:

Nome a Apelido

Enderezo

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a _____ segundo informe da Traballadora Social, de data 17 de outubro de 2016.

3.3.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 30 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de-----, polos seguintes importes:

- Fundación María Seoane Colmeiro 140,01 € (Factura nº 780 de 22.09.16)

3.4.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 06 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de-----, polos seguintes importes:

- Hidroeléctrica de Silleda, S.L. 132,64 € (Factura nº F2016009060 de 30.04.16)

4º.- DEVOLUCION DE AVAIS.

4.1.- De CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A. escrito de data 30 de setembro de 2016, Rexistro de Entrada nº 4325, solicitando devolución de aval correspondente á actuación "Mellora de camiños de titularidade municipal en Bandeira, Escuadro e Bazar", por importe de 3.716,53 € de data 03 de abril de 2014, da Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución S.A.

VISTO que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún e habendo transcurrido o prazo de garantía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.**, formalizado o 03 de abril de 2014 ante a Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución S.A.,

polo importe de 3.716,53 €, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

5º.- RECLAMACIÓN DO ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL, DON JOSÉ ANTONIO PRESAS FERREIRO.

EXPEDIENTE de reclamación do Arquitecto Técnico Municipal Don Jose Antonio Presas Ferreiro. Resarcimento de Honorarios de Letrado/Procurador en procedemento xudicial con sentenza absolutoria do Xulgado do Penal nº 4 de Pontevedra (PA nº 942/2012. Xulgado Instr. Nº 2 de Lalin).

ANTECEDENTES:

1. O Arquitecto Técnico Municipal Don Jose Antonio Presas Ferreiro reclamou en Febreiro do 2015 que se lle aboran os Honorarios de Letrado en procedemento xudicial PA nº 942/2012, Xulgado Instr. Nº 2 de Lalin no que se veu incurso, considerando que os feitos se derivan do exercicio coma profesional do Concello, nun informe sobre a execución dunha obra, segundo consta nos referidos autos xudiciais.

2. Na Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de Febreiro de 2015, logo do Informe Xurídico do Secretario, que se transcribe de seguido, por unanimidade, **SE ACORDOU:**

“- CONSIDERAR que a reclamación de Don Jose Antonio Presas Ferreiro de que se lle aboen os Honorarios de Letrado en procedemento xudicial PA nº 942/2012, Xulgado Instr. Nº 2 de Lalin no que se ve incurso como funcionario non ten dereito ao resarcimento dos gastos de Letrado nos que incorreu, con carácter inmediato, aínda que, no caso de resultar absolto ou ditarse o sobresemento, procedería o reintegro dos mesmos.”

Por Secretaría se emitiu o Informe Xurídico que se transcribe:

“(…)
INFORME de SECRETARÍA

Planteamiento

Consulta sobre la asunción por el Ayuntamiento de honorarios de Letrado por el Aparejador Municipal en un P.A. instruido en el Juzgado de Instrucción de Lalín y elevado al J. Penal para la vista oral. Acusación: falsificación documento público.

¿Debe el Ayuntamiento hacerse cargo de esa factura, por su condición de funcionario? En el supuesto de que el Ayuntamiento se haga cargo del

abono de ese gasto, ¿puede reclamar a los denunciantes el reintegro del importe, en concepto de perjuicio al Ayuntamiento?

Sobre el asunto de referencia, se emite el siguiente:

INFORME

Análisis

La cuestión objeto de consulta se analiza a la vista, sobre todo, de la jurisprudencia existente sobre concejales y Alcaldes, que entiendo aplicable por analogía a los funcionarios, sin perjuicio de un análisis más a fondo de este supuesto.

Como normativa básica en la materia, el art. 75.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local -LRBRL- determina que los miembros de las Corporaciones locales percibirán indemnizaciones por los gastos efectivos ocasionados en el ejercicio de su cargo, según las normas de aplicación general en las Administraciones públicas y las que en desarrollo de las mismas apruebe el pleno corporativo.

El art. 13.5 del RD 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales -ROF-, en el mismo sentido indica que "todos los miembros de la Corporación, incluidos los que desempeñen cargos en régimen de dedicación exclusiva, tendrán derecho a recibir indemnizaciones por los gastos ocasionados por el ejercicio del cargo, cuando sean efectivos, y previa justificación documental, según las normas de aplicación general en las Administraciones Públicas y las que en este sentido aprueba el Pleno corporativo".

En relación a la jurisprudencia sobre la materia, debemos citar la sentencia del TS de 4 de febrero de 2002 en la que el TS declara haber lugar al recurso de casación interpuesto por el ayuntamiento contra la sentencia del TSJ, y en su lugar dicta sentencia por la que desestima el recurso contencioso y declara conforme a derecho el acuerdo del ayuntamiento por el que se asumieron los gastos de defensa letrada y representación procesal de varios miembros de esa corporación, siempre que la imputación dimanara de su condición de miembros del ayuntamiento. La Sala estima el recurso al considerar que concurren los requisitos exigidos para que los gastos puedan considerarse indemnizables por la corporación. Se constata en primer lugar que la imputación realizada tuvo su origen en actuaciones realizadas por los cargos municipales en el ejercicio de sus funciones, en segundo lugar que no existe conflicto de intereses entre algún grupo político del ayuntamiento y la corporación, y en tercer lugar que las gestiones realizadas podían suponer indicios de comisión de delito del que fueron absueltos, por lo tanto, en uso de la autonomía local el ayuntamiento está legitimado para considerarlos gastos indemnizables.

Igualmente destacable es la fundamentación de la sentencia del TSJ Madrid de 27 de marzo de 2008. En este caso, el TSJ estima el recurso de apelación interpuesto contra la sentencia que anulaba la resolución de la Junta de Gobierno Local por la que se adjudicaba la defensa jurídica del Alcalde del Ayuntamiento a un despacho jurídico a cargo del Ayuntamiento, por considerar que la responsabilidad exigida en el procedimiento en cuestión es personal ya que el demandado es el Alcalde y no el Ayuntamiento por lo que éste no debe asumir los gastos. La Sala revoca la sentencia impugnada y considera que los gastos de la defensa jurídica del Alcalde deben ser asumidos por el Ayuntamiento ya que ha sido demandado como cargo municipal, con independencia de que una vez terminado el procedimiento puedan concretarse responsabilidades y proceder al reintegro de lo indebidamente pagado.

Dicha doctrina determina que los gastos de defensa y representación de los cargos públicos locales derivados de su imputación en causas penales por causas derivadas del ejercicio de sus funciones pueden ser considerados como gastos indemnizables por la Corporación a que pertenezcan, en uso de la autonomía local, considerarlos como gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, siempre que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad local. Para ello, es necesario que se cumplan las siguientes exigencias:

1º.- Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en la intervención del miembro de la Corporación en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como tal miembro de la Corporación o en cumplimiento o desarrollo de acuerdos de los órganos de ésta. Estos gastos, debe entenderse, en principio, que se trata de gastos generados con ocasión del ejercicio de sus funciones, pues la causa remota de la imputación penal radica en una conducta de estas características.

2º.- Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de la función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

3º.- Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de éstos o su carácter lícito. De haberse contraído responsabilidad criminal no puede entenderse que la

conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas. De no haberse probado la falta de participación en hechos penalmente reprochables, aun cuando concurren causas subjetivas de exención o de extinción de la responsabilidad criminal, cabe estimar, en atención a las circunstancias, que los gastos de defensa no dimanen del ejercicio de las funciones propias del cargo, dado que no puede considerarse como tales aquellas que objetivamente hubieran podido generar responsabilidad criminal.

Este último requisito dimana del hecho de que la responsabilidad penal es de carácter estrictamente personal e individual, pues descansa en el reconocimiento de la culpabilidad de la persona. En consecuencia, la carga de someterse al proceso penal para depurar dicha responsabilidad es también, en principio, de naturaleza personal. De este principio general deben, sin embargo, excluirse aquellos supuestos en los que el proceso conduce a declarar inexistente la responsabilidad penal por causas objetivas ligadas a la inexistencia del hecho, falta de participación en él, o carácter lícito del mismo.

Finalmente, sólo debemos señalar que se han de atender los gastos que realmente hayan sido "necesarios" para el proceso, sin que se puedan atender importes abusivos o excesivos originados por intervenciones letradas ajenas, que habrán de ser excluidos los gastos y aquellos otros cuyo devengo no sea obligado.

*Por ello, procede la siguiente **CONCLUSION:***

A la vista de las circunstancias concurrentes en el supuesto objeto de consulta, ha de entenderse que el funcionario solicitante no tiene derecho al resarcimiento de los gastos de honorarios de Letrado en los que ha incurrido, con carácter inmediato, aunque, en el caso de resultar absuelto o dictarse el sobreseimiento, procedería el reintegro de los mismos. Este es mi Informe, que someto a cualquiera otro mejor fundamentado en derecho.

*SILLEDA a 10 de Febrero de 2015. Asinado O Secretario Manuel Quintans Queiruga
(..)"*

VISTO o escrito de reclamación de cumplimiento de tal acuerdo instado por Jose Antonio Presas Ferreiro, de 18 Outubro, rex. 4646, de que se lle aboen os referidos Honorarios de Letrado/Procurador en procedemento xudicial PA nº 942/2012, Xulgado Instr. Nº 2 de Lalin, logo da sentenza absolutoria do Xulgado do Penal nº 4 de Pontevedra (P.A. nº 117/2015), acompañando minuta do Letrado CARLOS ALBERTO COLLAZO FERNANDEZ, por importe de 3.718,57 €, IVE incluído, colexiado nº 1855, C.A. Pontevedra, e

do Procurador ANTONIO DANIEL RIVAS GANDÁSEGUI, , por importe de 296,16 €, IVE incluído,

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- **CONSIDERAR que é PROCEDENTE a reclamación** de Jose Antonio Presas Ferreiro de resarcimento dos gastos de Honorarios de Letrado e Procurador en procedemento xudicial PA nº 942/2012, Xulgado Instr. Nº 2 de Lalin no que se veu incurso coma funcionario, logo de resultar absolto por sentenza absolutoria do Xulgado do Penal nº 4 de Pontevedra (P.A. nº 117/2015), acompañando minuta do Letrado CARLOS ALBERTO COLLAZO FERNANDEZ, , por importe de **3.718,57 €**, IVE incluído, e do Procurador ANTONIO DANIEL RIVAS GANDÁSEGUI, , por importe de **296,16 €**.

- Para a efectiva liquidación dos mesmos, deberá aportarse xustificación documental de que non se interpuxo apelación contra a sentenza por parte do Ministerio Fiscal ou da denunciante, xa que, de ser así, aínda non sería firme, polo que este acordo queda condicionado a ese requisito procesual de firmeza da sentenza, sendo suficiente con que non afecte a súa situación en exclusiva, no suposto que existira recurso pola parte condenada.

6º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

6.1.- Espina y Delfín S.L. Solicitudes de abastecemento e saneamento durante o mes de setembro de 2016.

Visto o escrito remitido por Espina & Delfín S.L. de data 07 de outubro de 2016, (Rexistro de Entrada nº 4571, de data 14 de outubro de 2016), remitindo relación de **solicitudes de abastecemento e saneamento** para súa aprobación correspondente ó mes de **setembro de 2016** (Asunto: Listado Nº 8), polo importe de 312,52 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación ó listado nº 8 correspondente ó mes de setembro de 2016.

7º.- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DAS OBRAS DE “REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DE SILLEDA” - CINCO ACTUACIÓNS.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 29 de

setembro de 2016 acordouse:

“PRIMEIRO: APROBAR os Proxectos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial Juan Manuel Rey Gómez (Vertia Ingeniería, S.L.) para as obras de **“Reforma e Mellora Enerxética do Alumeado Público no Concello de Silleda”** - Cinco actuacións, cun orzamento total por contrata de 54.282,52 € segundo o seguinte desglose:

Código	Proxecto	Orzamento €
IN417P/16A-143	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE GORIS, CONCELLO DE SILLEDA	13.769,75 €
IN417P/16A-148	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE SILLEDA (RÜA ARXENTINA)	8.931,06 €
IN417P/16A-151	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE MOALDE, CONCELLO DE SILLEDA	8.734,31 €
IN417P/16A-154	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE AGRO DO VALO	13.559,03 €
IN417P/16A-156	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DA RUA CAMILO JOSÉ CELA, CONCELLO DE SILLEDA	9.288,37 €

SEGUNDO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras de **“Reforma e Mellora Enerxética do Alumeado Público no Concello de Silleda”** - Cinco actuacións, cun orzamento total por contrata de 54.282,52 € segundo o seguinte desglose:

Proxecto	Orzamento €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE GORIS, CONCELLO DE SILLEDA	13.769,75 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE SILLEDA (RÜA ARXENTINA)	8.931,06 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE MOALDE, CONCELLO DE SILLEDA	8.734,31 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE AGRO DO VALO	13.559,03 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DA RUA CAMILO JOSÉ CELA, CONCELLO DE SILLEDA	9.288,37 €

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 20.636,32 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 165.633, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

CUARTO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

SEXTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Proxectos Obras e Servicios, S.L.
Santo Domingo, Galería Sto. Domingo 0 baixo - Local 14
32.005 - Ourense
- Instalaciones Deza, S.L.
Fucarelos, nº 6 - Cira
36.587 - Silleda
(Pontevedra)
- Endenor, Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda”

Visto que procedeuse a convocar a 3 empresas a que presentasen ofertas, tratándose dun contrato de obras por procedemento negociado sen publicidade, co resultado seguinte:

Empresa	Registro		Importe € da oferta IVE engadido	Prazo Execución	Melloras	Prazo garantía
	Número	Data				
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	4657	19.10.16	54.161,52	3 semanas	Descargador tipo 3 conectado a terra en cada luminaria	12 meses
Proxecta Obras e Servicios S.L.	4601	17.10.16	54.282,52	1 mes		

Considerando a oferta mais ventaxosa a presentada por PROXECTA OBRAS E SERVICIOS, S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- **ADXUDICAR** o contrato de obras por procedemento negociado sen publicidade das obras de “**Reforma e Mellora Enerxética do Alumeado Público no Concello de Silleda**” - **Cinco Actuacións**”, a empresa PROXECTA OBRAS E SERVICIOS, S.L., polo prezo de **54.161,52 €**, **IVE engadido**, segundo oferta, mellora e prazo de execución e garantía ofertada.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario, segundo establece a cláusula décimo cuarta (requerimento de documentación) do Prego de Cláusulas Administrativas para que dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dacordo co establecido na cláusula décimo quinta (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Adminsitrativas, o adxudicatario deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Cuarto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 31 de Outubro de 2016

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga